



MEDIDAS DE ACTUACIÓN

II Control FGA - Menores PONTEVEDRA 19/09/2020

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal do CGTD, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

O acceso á grada principal realizarase a través do parking, pola súa cara esquerda, que estará debidamente marcada. A saída da grada se realizará a través das escaleiras entre a grada principal e a torre de fotofinish, circulando pola cara esquerda en sentido da saída. Non será posible circular en ningún momento en sentido contrario.

Autorizarase o acceso, unicamente, as/os atletas participantes, persoal federativo (organización, xuíces). Poderán solicitar acreditación ata ás 10:00 horas do 18/08/2020 os/as adestradores/as das/os atletas participantes así coma un pai/nai/titor dos atletas menores de idade, no seguinte ligazón ata completar o aforo permitido polo CGTD*:

<https://forms.gle/ZbkkUiAjUK8BxNDu5>

*Polas condicións do COVID-19 nas que se atopa Pontevedra, o aforo da grada está limitado a 120 usuarios. Polo que o aforo estará regulado ao 50% composto por adestradores/as e acompañantes de menores, e o 50% para atletas. Priorizarase que unha vez rematada a proba, o menor abandone a instalación.

O anel que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación, estando unicamente habilitada a grada principal para o visionado da competición.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar na recollida do dorsal en cámara de chamadas a Declaración Responsable.

Na contra recta habilitarase a cámara de chamadas. Abrirase o portalón de acceso a rúa José Malvar para que os atletas poidan saír a quentar e ter un acceso directo á zona de cámara de chamadas. O acceso a cámara de chamadas dende a grada farase polo corredor entre a pista e o instituto do CGTD. Para abandonar a cámara de chamadas poderase transitar polo corredor entre a pista e o Multiusos do CGTD ou ben abandonado a instalación polo portalón cara a rúa José Malvar. Non se poderá circular en outra dirección.

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso á mesma, intre no que deberá entregarse a declaración responsable sin a cal non se autorizará a participación.

Haberá líquido hixienizante no control de acceso á instalación e a grada, así coma na cámara de chamadas.



Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

Para o acceso ós baños seguirase o sentido de circulación pola grada, sendo preciso que se realice en todo momento unha circulación circular.

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na sala de dirección técnica ata unha hora antes do comezo da proba.

O acceso a secretaría de competición será restrinxido, polo que calquera comunicación precisa realizarase a través da xanela.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

Para máis información, plano da instalación.

